



CES
GALICIA
Consejo Económico e Social de Galicia



XUNTA
DE GALICIA

galicia

Ditame
2/17

DITAME

sobre o proxecto de
anteproxecto de
Lei de Portos de Galicia



APROBADO POLO PLENO O 15 DE XUÑO



Todos os documentos do CES poden atoparse en

www.ces-galicia.org

ANTECEDENTES

1.- En data 28 de abril de 2017 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o anteproxecto de Lei de Portos de Galicia.

Este organismo resulta competente para o ditame deste anteproxecto de lei de acordo co previsto no artigo 5 da súa lei de creación (Lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as funcións que corresponden ao CES a de emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre *“Anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. (...)”*.

2.- O texto do anteproxecto foi remitido, en data de 28 de abril, á presidencia e aos membros da Comisión Sectorial número 2, *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame, co fin de iniciar os traballos de estudo sobre a devandita proposta. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O 9 de maio celebrouse na sede do CES a comparecencia, a petición propia, do director do Ente Público Portos de Galicia e do Asesor xurídico co obxecto de explicar en detalle o contido deste anteproxecto de Lei e aclarar as dúbidas que este puidera presentar.

4.- O anteproxecto a ditaminar ven acompañado, entre outros documentos, da Memoria xustificativa e económica-financeira, do Informe de impacto de xénero, o Informe do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible ou do Informe sobre as alegacións ao anteproxecto da Lei do Solo de Galicia e modificacións introducidas.

5.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 6/17, de data 9 de xuño, acordou aprobar a proposta de ditame e remitila á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

6.- A presidenta do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 2/17, do 15 de xuño, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei de Portos de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

Os portos competencia da Comunidade Autónoma adquiren na actualidade unha especial importancia. Ademais de ser o lugar onde se desenvolven operacións comerciais, pesqueiras e deportivas ou recreativas, serven de refuxio, avituallamento, reparación e varada, e constitúen tamén en moitas ocasións infraestruturas básicas para que outras administracións, nomeadamente os concellos, poidan realizar e prestar determinados servizos ou actividades que polas súas características deban de localizarse no ámbito portuario, e en particular no ámbito correspondente ás fachadas marítimas dos portos que lindan cos termos municipais e cos pobos e vilas situados ao seu carón.

Dende o punto de vista organizativo, a Lei 5/1994, de 29 de novembro, crea a entidade pública empresarial Portos de Galicia como órgano específico encargado da Administración Portuaria dotándoa dunha estrutura, organización e competencias. Na exposición de motivos indícase que a creación deste Ente cubre as necesidades básicas de funcionamento.

Nembargante, dende o punto de vista da xestión, planificación e explotación integral do conxunto do sistema portuario galego, a dispersión normativa e o recurso a unha lexislación estatal que ten por obxecto regular portos de gran tamaño económico está a producir distorsións normativas. Isto aconsella dispor dunha normativa propia adaptada ás peculiaridades dos nosos portos e instalacións e que teña en conta as dimensións económicas e sociais, os obxectivos e funcións que deben cumprir e a súa enorme dispersión xeográfica. Así pois, a exposición de motivos reflicte que para dar cumprimento ás devanditas necesidades e ao propio mandato estatutario, elaborase esta norma reguladora dos portos de Galicia.

Xunto á devandita exposición de motivos, o anteproxecto de lei contén 147 artigos que se estruturan nun título preliminar e seis títulos, ademais de sete disposicións adicionais, sete disposicións transitorias, unha derogatoria e catro disposicións finais.

O título preliminar “Disposicións xerais”, artigos 1 a 6, regula o obxecto e ámbito de aplicación da lei, determina os principios xerais de xestión e actuación, e destaca como unha competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a de establecer os instrumentos axeitados para garantir unha posición estratéxica e a coordinación na xestión entre os portos de competencia autonómica e os de interese xeral do Estado situados en Galicia.

O título I, “Da organización portuaria de Galicia”, integrado polos artigos 7 a 31, recolle tanto o estatuto orgánico da entidade pública empresarial Portos de Galicia como, de xeito pormenorizado, as competencias que en materia de portos corresponden á Administración autonómica.

O título II, dedicado á “Planificación, ordenación, obras, medio ambiente e seguridade”, comprende os artigos 32 a 48. Céntrase en cuestións relativas á planificación física portuaria e á execución de obras, así como as cuestións relativas ao planeamento territorial, refundíndose nun só título os aspectos sobre medio ambiente e seguridade.

No eido da planificación urbanística prevé o desenvolvemento do sistema xeral portuario a través dunha planificación sectorial representada nos plans especiais de ordenación dos portos. Como se indica na exposición de motivos, a tramitación destes plans delimita as competencias municipais e autonómicas sectoriais concorrentes e, sen superar os límites da autonomía municipal, establece medidas de coordinación que sirvan para resolver os conflitos que se presentan na relación porto-cidade.

O título III, artigos 49 e 91, céntrase no “dominio público portuario”. No seu capítulo primeiro determina a súa natureza, extensión e usos, numerando tanto as actividades e instalacións permitidas como o réxime de prohibicións. O segundo capítulo determina a utilización do dominio público portuario regulando as disposicións xerais, as autorizacións, as concesións, as disposicións comúns a autorizacións e concesións, e por último o contrato de concesión de obras públicas portuarias.

O título IV, artigos 92 a 109, está dedicado aos portos deportivos e ás zonas portuarias de uso náutico deportivo dada a crecente demanda de usuarios e o fomento deste sector por parte da Administración autonómica.

O título V, “Régime Xeral da prestación de servizos e do desenvolvemento de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza nos portos” comprende os artigos 110 a 124. Partindo da titularidade pública das instalacións portuarias, regula a intervención e a iniciativa privada na prestación de servizos e na realización de actividades comerciais e industriais axustadas aos usos permitidos na Lei, garantindo en todo caso a prestación dos servizos e a realización das actividades directamente relacionadas coa actividade e operativa dos portos.

O título VI, artigos 125 a 147, aborda o “Regulamento de Explotación e Policía, Potestades de inspección e seguridade e réxime das sancións”. O devandito regulamento establecerá as normas xerais de funcionamento dos diferentes servizos e operacións, que incluírá especificacións e gradacións ao cadro de infraccións e sancións previstos neste título sexto.

Finalmente, o anteproxecto incorpora sete disposicións adicionais, sete disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e catro disposicións finais.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES considera que a Lei constitúe un avance na necesaria refundición e actualización das diferentes disposicións que ata o de agora regulaban esta materia, así como na elaboración dunha normativa que considere as especificidades dos Portos de competencia da Comunidade Autónoma.

2.- O CES bota en falta no texto deste Anteproxecto a previsión dun Plan Estratégico integral para todo o sistema portuario de Galicia de competencia autonómica, que marque as directrices xerais, os obxectivos a alcanzar, e os criterios e requisitos a ter en conta para a planificación, execución e seguimento dos Plans Directores, así como a súa coordinación, aportando coherencia e unidade ao sistema a través dun documento estratéxico plurianual. Dunha banda, o devandito Plan Estratégico enténdese necesario tendo en conta tanto o número de portos e instalacións portuarias existentes en Galicia como que o anteproxecto obxecto de ditame dará unha exhaustiva regulación sobre os usos e aproveitamentos dos mesmos.

Doutra banda, considérase necesario xa que o Anteproxecto contempla no seu Título II un Capítulo dedicado á planificación portuaria e outro á ordenación urbanística dos portos. En particular, o primeiro prevé a aprobación de Plans Directores para un porto ou conxunto deles que contemplan a planificación de obras e desenvolvementos a executar nesas infraestruturas durante alomenos cinco anos (art. 32); e o segundo a aprobación de plans especiais de ordenación urbanística de cada porto (artigo 38).

3.- No Anteproxecto só hai un artigo (o art. 25) referido ás taxas e tarifas, o cal contrasta coa extensión dedicada a esta cuestión noutros textos legais sobre esta materia. Dada esta circunstancia, poderíase contemplar a inclusión dun Título referido ás taxas e tarifas portuarias, no que se desenvolvan o seu concepto, obxecto e réxime xurídico, as competencias de xestión, recadación,

inspección e revisión, así como a súa determinación, pago, actualización e revisión. O CES considera que a remisión destas cuestións a unha lei de taxas podería ir en contra dos criterios da especificidade e refundición, polo que, de se manter tan só este artigo, debería ser xustifico.

4.- Na liña das diferentes iniciativas políticas e legislativas desenvolvidas nos últimos anos dende a Unión Europea e as diferentes Administracións Públicas a prol da redución das cargas administrativas para as empresas, o CES entende que o anteproxecto debería ter en conta a necesidade de coordinación e cooperación entre diferentes administracións.

A modo de exemplo, debería terse en conta en todo o que se refire ao desenvolvemento de actividades que precisen autorizacións ou licenzas vinculadas á propia actividade ou servizo a prestar, e que ademáis sexan obxecto de autorización ou concesión por parte de Portos de Galicia (como prevén entre outros, os artigos 30, 56 ou 65 do anteproxecto).

A necesidade de contar con varias autorizacións e someter a diferentes procedementos administrativos unha mesma iniciativa sen nengún tipo de coordinación, dá lugar a cargas administrativas innecesarias, dilata os prazos necesarios para a posta en marcha das iniciativas e incrementa os custos de oportunidade.

Debería preverse, na medida do posible, a coordinación administrativa e a posibilidade de que o promotor puidera solicitar dunha soa vez as licenzas e autorizacións necesarias, para que fosen tramitadas no menor tempo posible e co menor esforzo e gasto burocrático para o administrado. Especialmente cando se trate de autorizacións que dependan da propia administración local na que se ubica o porto ou da administración autonómica.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

• Exposición de motivos

Na exposición de motivos do Anteproxecto de Lei faise mención da conveniencia de “dispor dunha normativa propia adaptada ás peculiaridades dos nosos portos, e instalacións, que teña en conta dimensións económicas e sociais, os obxectivos e funcións que deben de cumprir, e a súa enorme dispersión xeográfica”. O CES entende que o texto debería facer referencia expresa a cales son as principais desas peculiaridades do sistema portuario galego, aparte da antedita dispersión xeográfica, que xustifican a nova normativa. Nomeadamente, cómpre salientar a súa ampla atómica, o que dá lugar a unha oferta moi diseminada e a importantes solapamentos.

En opinión do CES falta algunha concreción a catro importantes aspectos: á función da loxística no desenvolvemento económico-social; á problemática porto-vila e as súas implicacións económico-empresariais; á vinculación coa ordenación territorial e planificación urbanística, dados os excesivos solapamentos entre áreas de influencia dos portos; e á escasa atención aos roles de función pública dos portos.

Por outro lado, o CES considera que na parte final debe incluírse unha mención do preceptivo ditame deste organismo.

Artigo 3. Determinación dos portos competencia da Comunidade Autónoma de Galicia

No apartado 4 indícase que *“Nos Portos de competencia da Comunidade Autónoma poderanse realizar operacións comerciais, pesqueiras, deportivas ou recreativas, ou poderán servir de refuxio, avituallamento, reparación ou varada, segundo se estableza regulamentariamente”*.

O CES considera oportuno incorporar entre as operacións previstas na Lei, as industriais directamente recollidas no Plan de Usos de cada porto.

Artigo 6. Principios xerais de xestión e actuación

En razón dunha maior complitude do texto suxírese engadir no seu apartado 1 os obxectivos de integración e planificación territorial.

No seu apartado 2 establécese que *“a xestión dos portos e instalacións portuarias estará orientada a garantir o interese xeral, promovendo a participación da iniciativa privada por medio de concesións e autorizacións no deseño, construción, financiamento e explotación das instalacións portuarias e na prestación de servizos...”*. En opinión do CES introduce confusión a inclusión, xunto ao principio orientador máis xenérico da xestión, do interese xeral, da promoción da actividade privada, que é un dos instrumentos aplicables na procura dese interese xeral, e loxicamente subordinado a este.

Artigo 8. Obxecto

No apartado 1 enuméranse como competencias de Portos de Galicia *“o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as súas futuras ampliacións”*. A este respecto parece necesario incorporar á redacción a competencia de ampliación dos propios portos, non só a das zonas de servizo.

Artigo 11. Órganos da entidade

No relativo á igualdade de xénero o proxecto establece que *“no conxunto dos órganos de goberno de Portos de Galicia procurárase acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes”*. O CES suxire especificar no apartado 2 que atenderá ao principio de *“composición equilibrada”*.

Asemade, no apartado 3 conviría ampliar ás obrigas de transparencia e bo goberno dos titulares dos órganos á propia entidade.

Artigo 13. O Consello Reitor

O CES opina que se deberían concretar con maior precisión na Lei as asociacións de usuarios que deben ter representación no Consello Reitor e que se mencionan no apartado 2. En todo caso, enténdese que, ademais das entidades xa recollidas neste apartado, deberían figurar as organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.

Ademais, no apartado 3.b) non se di a quen se lle ten que remitir o informe xeral anual da actividade desenvolvida.

Finalmente, o CES entende que no apartado 3 podería contemplarse a aprobación dunha Memoria de Sustentabilidade Ambiental Portuaria, na que se determinarían que indicadores e variables deben ser vixiados e cumpridos anualmente, e que se prevea a súa posterior difusión.

Artigo 15. A Dirección

O apartado 2 deste artigo establece que a dirección *“será nomeada entre persoas que reúnan os requisitos de solvencia académica profesional, técnica ou científica necesarios”*. Dende o CES suxírese substituír esta redacción pola de *“solvencia profesional, atendendo a criterios académicos, técnicos e científicos”*. Non obstante, de manterse a redacción de *“requisitos necesarios”*, estes deberían especificarse.

No concernente á atribución á Dirección da capacidade de outorgar *“autorizacións de ocupación de dominio público portuario que teñan un prazo de vixencia máximo de dous anos”* recollida no apartado 3.c), o CES destaca que non está suficientemente motivado o porqué do prazo de dous anos cando se está a falar de competencias de xestión ordinaria atribuídas a este órgano.

Artigo 16. Actos administrativos da entidade pública empresarial. Recursos e reclamacións

O CES entende que a redacción do apartado 3 –*“As resolucións e acordos su-*

xeitos a dereito administrativos ditados polo Consello Reitor e pola Presidencia esgotarán a vía administrativa. Contra eles, só se poderán interpor recursos contencioso-administrativos que resulten procedentes”– é demasiado taxativa polo que propón que se poida interpor recurso de reposición con carácter potestativo previamente ao recurso contencioso-administrativo, segundo dispón a Lei 39/2015 de 1 de outubro.

Finalmente, o CES considera que, en aras dunha maior claridade, debería especificarse no apartado 5 que se refire a unha revisión de oficio.

Artigo 22. Facenda

No apartado 3, letra f, propónse a substitución de *“Consellería de Facenda”* por *“Consellería competente en materia de Facenda”*.

Artigo 27. Réxime de persoal

O CES entende que o apartado 1 deste artigo debe mellorar a súa redacción, de xeito que indique que o persoal da entidade pública empresarial só poderá ser funcionario, laboral e persoal de alta dirección, polo que propón engadir a palabra *“unicamente”* ou calquera outra similar que atenda ao criterio sinalado.

1. O persoal da entidade pública empresarial **unicamente** poderá ser funcionario ou laboral, e persoal de alta dirección.

Asemade, considérase que debería ampliarse o apartado 3 indicando a normativa polo que se rexe tanto o persoal laboral como o persoal funcionario, sinalando tamén a participación dos representantes do persoal na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos. Neste senso, propón substituír o punto 3 polos seguintes parágrafos ou outros similares que atendan aos criterios mencionados:

“O persoal laboral do Ente Público Empresarial Portos de Galicia réxese polo convenio colectivo de aplicación, polo texto refundido da Lei do Esta-

tuto dos traballadores e pola demais normativa que resulte de aplicación ao persoal laboral ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O persoal funcionario do Ente Público Empresarial réxese pola normativa reguladora do réxime do empregado público e polas súas normas de desenvolvemento.

A representación do persoal participarán na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos de Portos de Galicia, incluíndo os aspectos relativos á organización, estrutura e marco de actuación en materia de recursos humanos e retribucións, nos termos previstos na lexislación vixente”.

Na opinión do CES habería que incidir máis no que xa está recollido no punto 4 e entende necesario a creación dun novo artigo que podería ser o seguinte ou calquera outra redacción que recolla os criterios que se mencionan:

Artigo xx. Ordenación de postos de traballo

1. A relación de postos de traballo de Portos de Galicia determinará a natureza, contido e características do desempeño e retribución de cada posto de traballo, de acordo co disposto na normativa de emprego público. Esta relación será pública e, en todo caso, os postos de nova creación integraranse na oferta de emprego público da Xunta de Galicia ou nos sistemas de provisión de postos de traballo.

2. A proposta de aprobación e modificación da relación de postos de traballo de Portos de Galicia será acordada polo Consello Reitor, por proposta da Dirección, logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública.

3. A aprobación da relación de postos de traballo corresponderá ao Consello da Xunta de Galicia e na súa tramitación estará sometida á normativa xeral establecida na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

sobre estes instrumentos de planificación de persoal.

4. A aprobación e modificación do cadro de persoal e a aprobación dos instrumentos polos que se regulen as condicións de traballo do persoal e o seu réxime retributivo, será acordada polo Consello Reitor, logo de informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública. A contratación e o nomeamento do persoal corresponde ao Presidente da entidade.

Artigo 31. Competencias das Consellerías competentes en materia de Economía e Facenda

Tendo en conta que as competencias de economía e facenda non están sempre nunha mesma consellería, e que se refíren a materias distintas, propónse un texto do seguinte ou parecido teor:

“Atribuiránselle respectivamente ás Consellerías competentes en materia de Economía ou de Facenda”

Artigo 34. Documentación dos plans directores de infraestruturas

O CES entende que os plans directores de infraestruturas, ademais de requirir memorias con información básica, gráficos e estudos económicos, tamén deberán esixir estudos e informes relativos aos impactos sobre os ecosistemas mariños.

Artigo 38. Plans especiais de ordenación dos portos

O anteproxecto de Lei recolle neste artigo que o Consello da Xunta debe ser informado en caso de desacordo entre Portos de Galicia e o Concello sobre a aprobación dun Plan especial de ordenación, para a emisión dun ditame vinculante.

En todo caso, se o Concello non aproba o Plan en seis meses dende o acordo

de aprobación inicial, poderase entender aprobado definitivamente. Nembargante, non se aplicará o silencio administrativo estimatorio cando os plans contivesen determinacións contrarias á lei, aos plans de superior rango ou ás directrices de ordenación do territorio.

En opinión do CES, dada a importancia da planificación e que a redacción pode dar lugar a inseguridade xurídica, o lexislador debería deixar máis pechado o procedemento de aprobación do Plan, establecendo as obrigas para o Concello e para Portos de Galicia así como as posibles responsabilidades da súa acción/inacción fronte a terceiros.

Artigo 40. Execución de obras e instalacións

O CES entende que os distintos tipos de obras mencionados neste artigo como son, entre outros, *“obras acordes cos usos portuarios”*, *“obras de interese xeral”* ou *“obras que se executen sobre o leito do mar territorial”*, son na súa denominación moi xenéricos ou non están ben definidos. Polo tanto, dada a transcendencia destas categorías, en termos de controis e protección, aconséllase a procura da máxima precisión posible.

Artigo 44. Desenvolvemento sostible

O CES entende que entre os principios conforme aos que se debe realizar a planificación e construción de novos portos, así como a ampliación ou modificación dos existentes, debería incluírse tamén o da preservación de recursos naturais.

Artigo 51. Delimitación da utilización dos espazos e dos usos portuarios

No segundo parágrafo do apartado 8 establécese que a aprobación da Delimitación habilitará para a revogación sen indemnización das autorizacións que resulten incompatibles.

O CES entende que deberían ser obxecto de avaliación os danos e prexuízos

manifestos e obxectivos causados pola revogación e a indemnización que puidera proceder nestes casos, xa que a revogación é sempre allea á actuación do concesionario.

Artigo 56. Utilización do dominio público portuario

O CES considera apropiado, de acordo cos principios desta Lei, especificar que a utilización de dominio público portuario debe estar baseada no principio de desenvolvemento sostible e respecto á normativa ambiental.

Artigo 61. Procedemento de outorgamento

Co obxectivo dunha maior transparencia, e dende o punto de vista de boas prácticas, o CES entende que sería desexable unha resolución motivada cando os procedementos de outorgamento de autorizacións de dominio público portuario sexan desestimados.

No concernente ao seu apartado 5, o anteproxecto da Lei establece un prazo máximo para resolver de 3 meses e o silencio negativo (desestimación da solicitude) en caso de non resolver expresamente en tal prazo. O CES considera que as autorizacións deberían ser acordes e compatibles cos instrumentos de Planificación do Porto (Delimitación, Plan especial, Plan Director, pregos de condicións xerais...) pero, en todo caso, merecen unha resolución motivada cando a solicitude sexa desestimada.

Artigo 66. Prazo das concesións

O CES entende que, dada a disparidade de prazos establecidos en diferentes ámbitos normativos, é necesario xustificar o establecemento do prazo máximo de concesión en 50 anos recollida no apartado 1.

Artigo 67. Iniciación do procedemento de outorgamento de concesións

Tendo en conta que na propia exposición de motivos desta Lei se indica que

é aconsellable “*dispor dunha normativa propia adaptada ás peculiaridades dos nosos portos, e instalacións, que teña en conta dimensións económicas e sociais, os obxectivos e funcións que deben cumprir, e a súa enorme dispersión xeográfica*”, o CES considera inxustificable que no caso do outorgamento directo das concesións (apartado c), o artigo traslade o establecido na normativa estatal para os Portos de interese xeral, xa que debería axustarse á realidade física dos portos, con dimensións, no caso dos da competencia autonómica, significativamente menor que os de competencia estatal.

Artigo 69. Procedemento de outorgamento

O CES entende que o prazo máximo de 8 meses previsto para a resolución do expediente de concesión é demasiado longo, polo que considera necesaria unha adecuada xustificación.

Artigo 88. Revogación de autorizacións e concesións

O CES entende que a revogación das autorizacións e concesións sen indemnización cando se alterasen os “*supostos determinantes do seu outorgamento*” á que se refire o artigo debería estar máis acoutada, dada a gravidade que supón unha resolución de tal natureza.

Artigo 92. Parámetros de protección, Obxectivos de xestión e condicións básicas

O CES entende que se debería ser máis activo nesta materia e, neste senso, facer algunha mención á preservación e conservación de recursos, non só á xestión sostible dos recursos.

Artigo 96. Condicións de outorgamento e concursos

Para unha maior claridade o CES considera que o apartado 2 deste artigo tería mellor cabida no artigo 95 como parágrafo segundo. Mentres que o actual artigo 95 fai referencia aos criterios xerais de outorgamento, o novo 95.2 que

se propón, regula o caso particular do outorgamento por medio de concurso.

Asemade, propónse a substitución de “*incluíra como mínimo os seguintes criterios*” por “*incorporará ademais os seguintes criterios*” xa que xunto aos criterios obxectivos de outorgamento recollidos no artigo anterior, terá que ter tamén en conta os que se mencionan neste apartado 2.

Ademais, considérase que en vez de “*Proxectos de responsabilidade social corporativa*” habería que dicir “**Modelo de Xestión da responsabilidade social corporativa ou Proxectos de responsabilidade social corporativa**” xa que este é un concepto moito máis amplo.

Artigo 125. Regulamento de explotación e policía

En opinión do CES, a aprobación do regulamento de explotación e policía por parte do Consello da Xunta debería requirir informe previo do Consello Reitor e no que atinxe, de selo caso, á materia de persoal, informe previo da Mesa Xeral da Función Pública.

Artigo 136. Multas

O CES considera que debería especificarse o importe mínimo das multas, cando menos nos casos das infraccións graves (de 60.001 € a 300.000 €) e moi graves (de 300.001 € a 600.000 €).

Artigo 138. Medidas adicionais e Artigo 141. Restitución, reposición e indemnización

O CES entende que, para unha maior claridade, en ambos os dous artigos debería redactarse de xeito coordinado a obriga de restitución, reposición e indemnización.

Disposición Transitoria quinta. Normas urbanísticas de aplicación directa

A Disposición Transitoria 5ª, en previsión de que se outorgarán concesións en zona portuaria sen estar aprobado o Plan Especial que regule usos e condicións urbanísticas, establece unhas normas moi básicas, referidas a edificabilidade e alturas e normas estéticas.

En opinión do CES o apartado b.2) ten unha redacción confusa, ao falar de superficie edificable máxima, pero establecendo dous datos diferentes ($1\text{m}^2/\text{m}^2$ hasta $1,5\text{ m}^2/\text{m}^2$). Neste senso, enténdese que debería aclararse se a edificabilidade máxima é 1 ou $1,5\text{m}^2$ por m^2 de ocupación.

Nova Disposición Transitoria relativa á Ampliación das concesións

Por medio da Lei 2/17 de 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación (Acompañamento dos Presupostos de Galicia para 2017), regulouse un problema acuciante para un gran número de concesións demaniais outorgadas por Portos de Galicia, aquelas que non tiñan previsto no seu título constitutivo a posibilidade de prórroga.

Consiste en que, na aplicación da Disposición Transitoria Sexta da Lei 5/94 de Creación do Ente Público Portos de Galicia, introducida pola mencionada Lei de Acompañamento, se poida obter, por medio dunha ampliación de prazo, que non prórroga, a posibilidade de continuar no uso dos espazos portuarios outorgados, sempre que se comprometan os concesionarios a determinados investimentos.

O CES considera que esta problemática se debería tratar expresamente no réxime transitorio.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

1- Debería realizarse unha revisión lingüística do anteproxecto, en relación co seguinte:

- a) Nas clasificacións de diversos artigos utilízanse as letras “j” e “k”, que non fan parte do alfabeto galego, e sen embargo non se utiliza o “ñ”, que existe no mesmo.
- b) Noutros artigos (v.gr. 77, 82, 87) utilízanse, sen ser necesario, letras dobres.
- c) Noutros (v.gr. 136, 138) hai erros na orde da numeración dos diferentes apartados, polo que se debería revisar a orde e numeración dos parágrafos, que en determinados artigos non seguen unha orde correlativa.

2.- Ao longo do texto, refírese en varias ocasións á normativa reguladora das administracións públicas e do procedemento administrativo común, Lei 30/1992 de 26 de novembro, Lei xa derogada. Proponse facer referencia á Lei vixente nesa materia: Lei 39/2015, de 1 outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.- O texto do anteproxecto remitido ao CES semella estar incompleto ao faltar unha parte da redacción da Disposición transitoria terceira e o título da cuarta, así como a páxina 116.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2017

Vº e P.
A PRESIDENTA

O SECRETARIO XERAL

Corina Porro Martínez

Juan José Gallego Fouz



www.ces-galicia.org